

## XUNTANZA COA AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN (GAIN) – OPE EXTRAORDINARIA 2022

Santiago de Compostela 23/05/2022

Na xuntanza mantida polos representantes de GAIN coas OOSS, no día de hoxe, ao respecto da presentación das prazas desta entidade instrumental afectadas pola Lei 20/2021, de cara á súa inclusión na **OPE Extraordinaria 2022**, indicouse o seguinte:

A Axencia Galega de Innovación (GAIN) ten un total de **51 prazas afectadas** pola Lei 20/2021, 9 incluídas na súa RPT e 42 sen código de posto da axencia pero coa súa correspondente liña de crédito. Todas elas compren os requisitos para ser incluídas no buzón de postos a ofertar para a súa cobertura mediante **Concurso de Méritos** (prazas estruturais e non estruturais, ocupadas con vinculación laboral temporal ininterrompidamente antes do 01/01/2016 e ata o 31/12/2020, vacantes e dotadas presupostariamente), recollido na disposición adicional sexta da citada Lei.

### DENDE UGT INDICAMOS O SEGUINTE:

- **Entendemos que esta xuntanza tiña que ter sido convocada e realizada hai semanas**, e en todo caso, con anterioridade á celebración da Mesa Xeral, celebrada o venres pasado.
- **Valoramos positivamente a certificación realizada ao respecto da relación de prazas afectadas pola Lei**, indicando o cumprimento dos requisitos establecidos na mesma e a súa dotación orzamentaria no capítulo I da axencia.
- **Presentamos alegacións ao respecto das prazas da entidade incluídas na súa RPT**, tendo en conta que:
  - Por unha banda, a praza **EIA110000215770029** ten que ubicarse no buzón 1 (concurso de méritos) e non no buzón 2 (concurso-oposición) publicados pola DXFP, que é onde figura ubicada.
  - Por outra banda, as 5 prazas (EIA110000215770010/11/17/19/20), que figuran no buzón 1, deben ofertarse, xa que na actualidade figuran coas observacións “Convocado (estabilización)”. **Solicitamos que saían todas as prazas ofertadas**, xa que non se pode acreditar a súa convocatoria previa á entrada en vigor da Lei 20/2021.
- Finalmente, **solicitamos** como xa fixemos nas distintas reunións mantidas coa Dirección Xeral da Función Pública, que **a convocatoria destas prazas poidera realizarse directamente pola entidade instrumental**, aínda que está pendente de negociar na Mesa Xeral, por consideralo moito máis axeitado polo tipo de postos e as funcións desenvolvidas, e polo persoal que os ocupa ininterrompidamente dende hai máis de quince anos, na maior parte dos casos.